

A PRIMEIRA «GUERRA FRÍA» DO SÉCULO XXI

Ao abrir novas rutas marítimas e permitir explorar as inxentes reservas de petróleo e gas que atesoura, o desxeo converteu ao Ártico en foco de numerosos litixios fronteirizos e disputas sobre o seu futuro

Leoncio González (La Voz de Galicia , 26 de Setembro de 2010)




O pasado día 10 de setembro de 2010, o xeo do Ártico alcanzou o seu mínimo anual, unha superficie de 4,76 millóns de quilómetros cadrados, o que representa un terzo menos do que medía entre os anos 1979 e 2000 (...). Se non se atalla o quecemento global que empezou a derretilos, xeos e glaciares poderían desaparecer por completo na segunda metade deste século (...)



| | | |
|---|---|---|
| Rexión do Ártico 1970 7,6 millóns de km ² | Rexión do Ártico 2025 5,3 millóns de km ² | Rexión do Ártico 2100 Case inexistente |
|---|---|---|

Os grupos ecoloxistas familiarizaron á opinión pública co desastre ambiental que se aveciña. O desxeo suporá o aumento do nivel do mar en todo o mundo, alagará illas e territorios costeiros, destruírá ecosistemas e porá ao bordo da extinción especies coma os osos polares. En cambio, coñécese menos a compulsión por debuxar raias sobre mapas que desatou nalgúns capitais e que tanto se parece á que precedeu á partición de África entre as potencias europeas a finais do século XIX.



Os motivos saltan á vista. O desxeo permitirá a explotación dos ata agora inaccesibles recursos que alberga o subsolo ártico. Aínda que hai que ir con coidado, porque se sabe máis da superficie de Marte que do que se esconde alí abaixo, as estimacións din que atesoura o 30% das reservas de gas natural do planeta e o 13% das de petróleo, isto é, entre 20.000 e 46.000 millóns de barrís de cru e case 37 billóns de metros cúbicos de gas.

Por outra banda, abrirá dúas rutas marítimas que poderían ter un efecto sobre a navegación mundial similar ao que no seu momento tiveron a canle de Suez e o de Panamá, fronte aos que se

converterían en alternativas. O Paso do Noroeste, entre o estreito de Bering e o de Davis, permitiría acurtar unhas dúas mil millas a distancia entre un porto do Pacífico, como o de Seattle, e outro do Atlántico, como o de Róterdam. O Paso do Nordeste, polo mar de Barents costeando Siberia rebaixaría en 4.700 as millas entre ese mesmo porto holandés e un asiático, como o de Yokohama.

Nova «guerra fría»

As implicacións deste acortamento serán revolucionarias para o tráfico global. Barcos que, debido ao seu gran tamaño, non poden cruzar pola canle de Suez nin polo de Panamá e que teñen que bordear polo cabo de Boa Esperanza ou o de Hornos , aforrarán tempo e custos. Zonas agora conxestionadas pola tensión, como o golfo Pérsico, perderían parte da súa importancia estratéxica. E ata Galicia podería beneficiarse, xa que unha porción dos máis de 25.000 barcos con mercancías perigosas que agora pasan obrigadamente todos os anos por diante de Fisterra podería elixir outra ruta.

Todo iso desatou o que algúns denominan «gran batalla enerxética do século XXI» e outros



bautizaron como «nova guerra fría» en alusión ás xeadas temperaturas da rexión. Comprende un acio de litixios fronteirizos entre os cinco países que dan ao Ártico (Rusia, Canadá, EE.UU., Dinamarca e Noruega), pero non se poden ignorar as demandas dos subárticos (Suecia, Finlandia e Islandia) e as doutros como China , Xapón, Corea do Sur, Alemaña, o Reino Unido ou Brasil, interesados en meter baza, aproveitando a falta de lexislación e que ninguén ten na súa poder escrituras de propiedade.

Liquidadas hai nada as discrepancias no mar de Barents que enfrontaron a Noruega e a Rusia corenta anos, son catro os contenciosos vivos: o que libran Canadá e Estados Unidos pola soberanía de parte do Paso do Noroeste; o que opón a Canadá e Dinamarca pola illa de Hans, preto de Groenlandia; e os que dirimen Dinamarca e Canadá con Rusia pola cordilleira Lomonosov, estribación submarina na que apoia Moscova a petición de ampliar a súa xurisdición. A eles hai que engadir a disputa entre o Kremlin, Washington, Ottawa e Copenhague. Refírese a se se debe internacionalizar a rexión unha vez resoltas as reclamacións territoriais de cada un, postura que defenden os tres últimos, ou se se debe segmentar na súa totalidade aplicando cotas nacionais, como desexa Putin.

É certo que, polo momento, esta «nova guerra fría» atópase en fase incipiente. Esporeadas por Rusia, que leva a dianteira en materia de reclamacións, xa que teoricamente posúe o 50% das reservas petrolíferas e o 70% das de gas, as outras catro potencias árticas embarcáronse nun rosario de expedicións de aparencia científica que, en realidade, buscan evidencias para lexitimar as súas pretensións territoriais. De portas fóra predominan, ademais, os chamamentos a resolver as diferenzas por medio da negociación.

Militarización

Pero aos poucos despréganse argumentos máis intimidatorios. Canadá, por exemplo, creou un centro de adestramento militar na Baía Resolute e pretende aumentar o número de rangers árticos, ademais de colocar un satélite no espazo para vixiar as súas augas. Noruega decidiu desprazar a sede do mando operativo a Reitan, no Ártico, e Rusia aprobou recentemente unha doutrina estratéxica que, entre outras cuestións, persegue crear unha forza ártica dentro do seu Exército, coa ampliación da súa flota de rompehielos e a construción dun tipo de avión específico para a zona.

Un comentario aparte merece a posición de EE.UU., que se viu collido a contrapé e incorpórase á carreira intentando pór ao día unha flota que, segundo os observadores, non está adaptada ás condicións do Ártico. A súa lentitude é froito da falta de reflexos da súa clase dirixente, pero tamén da rapidez con que está a adquirir importancia a zona no taboleiro internacional.

(...) Se non se ten coidado, o desexo, que xa é un mal irremediable en si mesmo, podería ser o comezo de males maiores.

O 2012 BATIU RÉCORDS EN PERDA DE XEO ÁRTICO E AUMENTO DE NIVEL DO MAR

O pasado ano estivo entre os 10 anos máis cálidos desde que hai rexistros

El País - EFE- Washington - 7 AGO 2013

O 2012 batiu récords en canto a perda de xeo no Ártico, o aumento do nivel do mar e a emisión de gases de efecto invernadoiro, según advirte un informe divulgado hoxe pola Administración de Océanos e Atmosfera de Estados Unidos (NOAA, en inglés). Ademais, 2012 estivo entre os 10 anos máis cálidos desde que hai rexistros (...) O xeo mariño do Ártico alcanzou o seu nivel mínimo en setembro (2,12 millóns de kilómetros cadrados) (...)

O 2012 foi un dos 11 anos máis cálidos rexistrados. Hubo aumentos de temperatura incluso nas profundidades dos océanos.

(...). De acordo coa NOAA, o nivel global do mar situouse nun máximo histórico en 2012 e aumentou a unha taxa promedio de 3,2 milímetros por ano durante as últimas dúas décadas.

Seguindo cunha tendencia iniciada no 2004, os océanos son máis salgados en promedio en zonas de alta evaporación, como a zona tropical do Pacífico Norte, e máis doces do normal en áreas de alta precipitación como o centro do Índico.

Despois de un lixeiro descenso asociado á crise económica mundial, as emisións globais de gases de efecto invernadoiro procedentes da queima de combustibles fósiles tamén foron récord e as concentracións atmosféricas de dióxido de carbono (CO₂) chegaron a un promedio de casi 400 partes por millón (ppm).

Para os expertos que elaboraron o estudio, todas estas estadísticas son unha proba máis de que o cambio climático e o quence, ento global son unha realidade. (...)

O CAMBIO CLIMÁTICO ABRE UNHA NOVA RUTA COMERCIAL PARA CHINA

Pekín envía o seu primeiro mercante a Europa a través do estreito de Bering

El País - Jose Reinoso Pekín 12 AGO 2013

O cambio climático se perfila como o gran aliado das navieras chinesas. O Yong Sheng, un buque de 19.461 toneladas da empresa Cosco, iniciou o xoves no porto de Dalian (provincia de Liaoning) un viaxe de 33 días que o levará a Rotterdam (Holanda) tras pasar o estreito de Bering e navegar ao longo da costa norte rusa, según a prensa oficial chinesa. Trátase do primeiro mercante do país asiático que utiliza o chamado paso do Noreste do Ártico —o ruta marítima do Norte— para chegar a Europa; unha vía que podería supoñer unha revolución para o comercio mundial a longo prazo. Se prevé que acorte arredor dun 30% a duración da viaxe entre China e Europa, o que representará un forte aforro. (...) A ruta fíxose máis facilmente navegable debido a que o quencemento global funde agora o xeo do mar máis tempo; é transitable arredor de catro meses ao ano —desde finais de xullo a novembro—, evita

7.000 kilómetros e suprime o potencial pescozo de botella de inestabilidade política que supón a canle de Suez.

(...) China intensificou nos últimos anos o seu interés polo Ártico. En maio pasado, logrou o estatus de observador permanente do Consello do Ártico, un foro intergubernamental integrado por Noruega, Islandia, Dinamarca, Suecia, Finlandia, Rusia, Canadá e Estados Unidos, países todos eles con territorio no Ártico(...)

COMERCIO MARÍTIMO ENTRE EUROPA Y CHINA



Actividades:

- 1.- Resumir os 3 textos nun pequeno grupo de “palabras clave” (entre 5 e 10 palabras)
- 2.- Utilizando esas palabras, resume os textos nun breve texto de 3-4- liñas. Exponllo aos compañeiros.
- 3.- Busca cal era a superficie do xeo en 1979 - 2010 – 2013 e as previsións para o futuro. Elabora unha gráfica sinxela con eses datos. Fai un breve comentario destes datos extraendo a conclusión máis importante que consideres.
- 4.- Explica unha a unha as causas deste desxeo e as consecuencias (medioambientais e económicas) que terá.
- 5.- Explica o significado de “quencemento global”
- 6.- En que consiste a Guerra fría que aquí de expón?
- 7.- Dentro do contexto destes artigos periodísticos, explica que relación ten esa guerra fría coa “compulsión por debuxar raias sobre mapas”

8.- Coma resume, cales son, ao teu entender, as vantaxes do desxeo ártico ¿¿E que problemas pode acarrear?

9.- Se se derrite o xeo ártico, ¿aumentará o nivel do mar ¿?Por que?

10.- Localiza nos seguintes dous mapas

- Os catro puntos cardinais. ¿ Que dificultades atopas para localizalos nestes mapas?
- Os lugares que se nomeas nos artigos periodísticos e nos mapas que os acompañan
- As rutas de navegación as que se fai referencia neles.

